

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade establece no seu artigo 18.3, que a asistencia sanitaria especializada, inclúe:

- A) A asistencia domiciliaria, a hospitalización e a rehabilitación.
- B) Tan só a hospitalización.
- C) Unicamente a hospitalización e a rehabilitación.
- D) Ningunha resposta é correcta.

2. Segundo o artigo 22.1. da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a renuncia á condición de persoal estatutario ten o carácter de acto voluntario e deberá ser solicitada polo interesado cunha antelación mínima de:

- A) 30 días á data en que se desexe facer efectiva.
- B) 15 días á data en que se desexe facer efectiva.
- C) 20 días á data en que se desexe facer efectiva.
- D) 10 días á data en que se desexe facer efectiva.

3. A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 18, establece que o Presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia:

- A) Non poderán ser detidos nin retidos senón en caso de flagrante delito.
- B) Non poderán ser detidos nin retidos senón en caso de delito.
- C) Poderán ser detidos e retidos cando cometan un delito ou unha falta.
- D) Ningunha resposta é correcta.

4. Segundo o artigo 1 do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, que regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, estas estruturas asumirán, con autonomía funcional, de forma integrada a xestión:

- A) Dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, só do nivel de atención especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.
- B) Dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, só do nivel de atención primaria, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.
- C) Dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.
- D) Dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, excluindo os programas de atención sociosanitaria.

5. Segundo o artigo 28.2.a. do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, será requisito adicional para admitir ao concurso de traslados, para o persoal en activo ou con reserva de praza:

- A) Ter tomado posesión na praza desempeñada con 6 meses de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Ter tomado posesión na praza desempeñada con dous anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- C) Ter tomado posesión na praza desempeñada cun ano de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) Ningunha resposta é correcta.

6. Segundo o artigo 71.4. da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cando da instrución dun expediente disciplinario resulte a existencia de indicios fundados de criminalidade, suspenderase a súa tramitación poñéndoo en coñecemento do:

- A) Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- B) Ministerio Fiscal.
- C) Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do lugar onde se produciu o feito.
- D) Conselleiro de Sanidade.

7. Segundo o artigo 4.2. da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a efectos da presente Lei e das normas que a desenvolvan, entenderase como risco laboral:

- A) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizada no traballo e que provoque perigo para a integridade física do traballador.
- B) As enfermidades ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- C) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- D) Os equipos destinados a ser levados ou suxeitados polo traballador para que lle protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo.

8. A lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada por Lei 3/2005, do 7 de marzo, establece no seu artigo 7 que o dereito á información sanitaria dos pacientes:

- A) Pode limitarse pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica.
- B) Pode limitarse se o médico así o decide.
- C) Pode limitarse se a familia solicítalo.
- D) Non pode limitarse en ningún suposto.

9. O artigo 1. da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter persoal, establece que o obxecto desta lei é garantir e protexer, no que concirne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais:

- A) Das persoas xurídicas.
- B) Das persoas físicas e xurídicas.
- C) Das persoas físicas.
- D) Ningunha das resposta é correcta.

10. Segundo o artigo 28.1 da Constitución española de 1978:

- A) Todos teñen dereito a sindicarse libremente.
- B) A lei poderá limitar ou exceptuar o exercicio deste dereito aos funcionarios públicos.
- C) A lei regulará as peculiaridades do seu exercicio ás Forzas ou Institutos armados ou aos demais Corpos sometidos a disciplina militar.
- D) Todos os cidadáns están obrigados a afiliarse a un sindicato.

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 52.1. do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, texto refundido da Lei de Igualdade de Galicia, a Administración pública galega garantirá:

- A) A igualdade de retribucións salariais e extrasalariais entre mulleres e homes en todos os ámbitos.
- B) A igualdade de retribucións salariais e extrasalariais entre mulleres e homes no ámbito do emprego público.
- C) A igualdade de retribucións salariais entre mulleres e homes no sector privado.
- D) Ningunha resposta é correcta.

2. Segundo o artigo 16.3 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, os Vicepresidentes e os Conselleiros serán:

- A) Nomeados e cesados polo Rei.
- B) Nomeados e cesados polo Presidente da Xunta.
- C) Nomeados e cesados polo Presidente do Goberno de España.
- D) Nomeados polo Rei e cesados polo Presidente da Xunta.